

Alcaldesas e alcaldes, concelleiras e concelleiros, técnicas e técnicos, e demais público asistente.

Benvidas e benvidos a Santiago de Compostela. Capital do noso país e mais unha vez capital da lingua. Hoxe, organizamos esta xornada non para procurar conclusións, senón como punto de inicio do que desexamos sexa unha nova etapa para o municipalismo galego. Necesitamos reflexionar, saber en que momento nos encontramos e como temos chegado até aquí. Co firme obxectivo de ollar para o futuro, sempre con entusiasmo e optimismo. Antes de máis, quería agradecer á Coordinadora de Traballadores pola Normalización Lingüística ternos proposto organizar esta xornada, e agradecervos a todas e todos a vosa participación e asistencia, nomeadamente a aqueles que ides participar no debate e nas exposicións dos proxectos. Con certeza que será unha xornada ben proveitosa. Para todos nós e fundamentalmente para a lingua. O noso máis prezado ben colectivo, aquilo que nos une como galegas e galegos.

Ser capital dun país significa, entre outras moitas cousas, ser este lugar e punto de encontro onde todas e todos poidades sentirvos cómodos. Mais tamén significa ter iniciativa e colocar propostas para abrir novas etapas. Así aconteceu en maio de 1984 con aquela histórica declaración dos alcaldes, en Compostela, onde se marcaron os compromisos da administración local en materia de lingua. Así aconteceu a principios deste século, cando nos anos 2000 e 2001 Santiago constitui o seu Consello para a Normalización e iniciou o deseño do que foi o primeiro plano de normalización lingüística dun concello galego. Agora queremos voltar exercer, igual que neste pasado recente, e abrir as portas da nosa casa para que desde hoxe poidamos traballar, conxuntamente e mancomunadamente, para construír ese novo discurso que o galego precisa.

Unha nova narrativa que actualice este discurso mais que tamén actualizar o noso entusiasmo, así como a nosa motivación e implicación como administracións locais. Procuremos traballar en rede e reforzar a colaboración entre todos os concellos, partillemos experiencias, acordemos pautas e accións comúns, sexamos esa primeira pedra do novo futuro que queremos construír para a lingua.

Por todo isto, cumpre reflexionar sobre o noso papel. Nun momento que semella crucial para deseñar este futuro, as administracións locais non debemos colocarnos de perfil, a lingua é tamén da nosa competencia. Cumpre, pois reflexionar sobre as ferramentas e a regulamentación que debemos ter como administracións públicas. É necesario explorar todas os camiños dunha lingua que nos singulariza no mundo, que nos caracteriza como pobo, como colectividade, que nos abre portas de millóns e millóns de falantes a través da lusofonia, que vai ser un dos mellores legados que lle poidamos deixar ás nosas fillas e fillos.

Sobre todo isto teremos tempo de reflectir, como punto de arranque, como lugar de inicio. Que a xornada sexa proveitosa.

Benvidas e benvidos á capital da Galiza.
Benvidos e benvidas á vosa casa.